

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/10	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	6 de xullo de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22:20 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	José Carlos López Campos
<b>Secretaria accidental</b>	María Josefa Martínez Barros

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	NON
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ



	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	NON
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión escusando a non asistencia da Sra. Secretaria titular por causas de saúde, así como mostrando o agradecemento á traballadora M<sup>a</sup> Josefa Martínez Barros por actuar como secretaria desta sesión a pesares da súa complexa situación por mor de enfermidade grave dun familiar e así posibilitar a celebración desta sesión.

Procédese a continuación á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA





**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 23 DE XUÑO DE 2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 24 DE XUÑO DE 2023**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2022, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 4096/2023. MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (MOVETE) POLA QUE PROPÓN A INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PREVIA DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO "CAMPO DAS ROSAS"**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Alcalde** lle concede a palabra á voceira do grupo municipal Mixto (MOVETE) para que proceda a xustificar a urxencia da súa moción.

Toma a palabra **Dna. Mar Blanco Casais**, que explica que se está a traballar nos proxectos dos parques eólicos "Campo das Rosas" e "Touriná III", de feito nas propias publicacións do DOGA establécense un prazo de tan só 2 meses para presentar Recurso Contencioso Administrativo no caso de Campo das Rosas, e un prazo aínda menor de 1 mes para o Recurso de Alzada no caso de Touriná III-2, polo que é de extrema urxencia debater e aprobar a presente moción, sen esquecer que foi imposible tratar esta moción na correspondente Comisión Informativa debido a que estes órganos colexiados aínda non están constituídos despois do



anterior Pleno de Organización.

Prócese á votación da urxencia desta moción, sendo aprobada por unanimidade.

Volve a intervir a voceira do grupo Mixto, **Dna. Mar Blanco Casais**, para expoñer a moción obxecto deste punto, a cal se transcribe literalmente de seguido:

*“I.- Con data 7 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia publicase no DOGA Núm. 107 a RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005).*

*II.- Con data 1 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia publicase no DOGA Núm. 103 a RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4).*

*III.- Ambos Parques Eólicos afectan de maneira intensa e negativa á zona onde habitan as bestas que son o elemento fundamental da tradición e festa de interese turístico internacional coñecida como A Rapa das Bestas de Sabucedo, unha das sinais de identidade mais importantes da Estrada e de Galicia. Como xa se expuxo en moitos Plenos, a importancia desta poboación de cabalos radica no valor cultural e turístico do seu sistema de manexo tradicional, por medio de Rapa das Bestas, pero tamén no seu valor e papel ecolóxico, modelando hábitats de interese comunitario como os brezais. Así mesmo debe ser considerada a súa importancia para reducir a biomasa forestal e polo tanto o risco de incendios.*

*Deste xeito, tanto durante a fase de construción como de funcionamento os parques eólicos ocuparán unha importante porción do área de campeo de varias manadas. Isto supón privalos de parte dos seus recursos: hábitats onde alimentarse, mananciais onde beber, altos onde protexerse de insectos.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de funcionamento son:*



*As instalacións alteran a dinámica dos mananciais que utilizan os cabalos, podendo provocar cambios nas áreas de campeo.*

*A localización dos eólicos ocupará zonas altas, recurso imprescindible para airearse e protexerse de insectos no verán, o que pode provocar desprazamentos das greas e inestabilidade das mesmas.*

*A ocupación permanente de zonas de alimentación pode provocar así mesmo desprazamentos das greas e inestabilidade das mesmas.*

*As pistas ocuparan unha gran parte do territorio, influindo drasticamente no mesmo. Tamén aumentarán a accesibilidade de vehículos á zona, o que xerará molestias aos cabalos e ata se poden dar atropelos.*

*O ruído dos aeroxeradores limita substancialmente a comunicación a través de rinchos que as bestas usan para alertar de perigos ou chamar ás súas crías, e no caso de ataque de lobo tamén dificultan o feito de oír como se achega o mesmo.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de construción son:*

*Ocupación dunha considerable proporción das áreas de campeo de varias manadas de cabalos: alteración de zonas de alimentación, de mananciais, ocupación de zonas onde protexerse de insectos. Isto ocasionará inestabilidade nas manadas e desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte, podendo aumentar a conflitividade social.*

*Para realizar as obras necesítanse abrir grandes viais, facer importantes desmontes, para o que se terá que usar en ocasións explosivos debido á natureza da orografía da zona, o que agravará aínda mais o impacto sobre as bestas.*

*Polo tanto entendemos que é obriga do Concello protexer este hábitat, tradición e festa de interese turístico internacional polo que debe proceder a presentar Recurso Contencioso-Administrativo, no caso de Campo das Rosas, e Recurso de Alzada, no caso de Touriñán III-2, para que non se leve a cabo a construción de ambos parques.*

*IV.- En relación á URXENCIA DA PRESENTE MOCIÓN indicar que nas propias publicacións do DOGA que mais arriba se sinalan establécense, un prazo de tan só 2 meses para presentar Recurso Contencioso Administrativo no caso de Campo das Rosas, e un prazo aínda menor de 1 mes para o Recurso de Alzada no caso de Touriñán III-2, polo que é de extrema urxencia debater e aprobar a presente moción.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:*

*1.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a a RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da DirecciMón Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o*





*Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005) publicada no DOG en data 7 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, realizando solicitude de Medidas Cautelares para a suspensión dos efectos da dita Resolución namentres non finalice o proceso xudicial.*

*2.- Interpoñer Recurso de Alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia contra a RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4), publicada no DOG en data de 1 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, realizando solicitude de suspensión dos efectos da dita Resolución namentres non se resolva o citado recurso.”*

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen, en primeiro lugar, quere manifestar o pesar do seu grupo polo falecemento do Sr. Eloy Rivadulla, veciño de Santeles que deixa orfos un neno e outro en camiño así como a unha xove muller viúva.

Entrando no fondo da moción, considera que todos os presentes deberían estar de acordo con esta cuestión, outra cousa é a forma en que se plantexa. Di que, tanto o parque eólico Campos das Rosas como o de Touriñán III-2, teñen unha afección moi clara sobre a contorna da Rapa das Bestas de Sabucedo, principal activo turístico e económico do concello de A Estrada, sendo causa suficiente para que este Concello vele pola protección deste patrimonio. Continúa dicindo que para a resolución de Touriñán III-2 xa non cabe o recurso de alzada que se propón na moción, sen embargo para o de Campos das Rosas se cabe o recurso proposto por tratarse dunha resolución que pon fin á vía administrativa; sen embargo, nota a falta de que con esta moción o grupo de goberno non achegara un informe técnico-xurídico sobre estes dous parques eólicos, sobre todo cando este Concello conta con asesoramento técnico-xurídico dunha empresa externa especializada neste tema, polo que pide que, polo grupo de goberno, se informe se solicitou ese informe ou non.



Prosigue manifestando que non comparte que este asunto veña en forma de moción, considerando que sería máis útil resolver este tema nunha Xunta de Voceiros, o que suporía máis axilidade, a pesares diso o seu grupo non será obstáculo para que se adopten os acordos correspondentes, polo que se absterán na votación.

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, trasladando o seu apoio a esta moción por considerala indispensable, ademais que é o momento en que se verá claro quen está favor e quen non das grandes empresas. Por outra lado, di que o seu grupo está de acordo co prexuízo que supoñen estes parques eólicos para A Estrada a cambio duns beneficios para unha única empresa; por outro lado, quere matizar que este recurso debería ser extensible ao parque de Castro Valente, moi perigoso para o patrimonio material e para a fortaleza medieval aínda sen estudar e coidar.

Intervén o **Sr. Alcalde** para lembrar o compromiso do seu grupo de goberno de facer un análise minucioso de todos os proxectos en tramitación dentro do ámbito territorial do noso concello e daqueles que non poidan afectar, tanto polos aeroxeradores como as liñas de alta tensión, por iso se contratou unha empresa especializada e que está a facer ese traballo, tanto tecnicamente como de asesoramento xurídico aos veciños e veciñas, e, a día de hoxe, se vai a seguir coa estratexia fixada; de feito, en relación ao proxecto do Campos das Rosas, remata o prazo para presentación de recurso o vindeiro mes de setembro e, por iso, se está a traballar cos equipos xurídicos para a elaboración e presentación de recurso contencioso-administrativo; en canto ao proxecto de Touriñán III-2, rematou o prazo para presentación do recurso de alzada o pasado luns, habéndose presentado o mesmo por este Concello a través desa asesoría xurídica contratada, esperando que faga efecto e acade os fins que se pretenden. Así mesmo, en canto ao proxecto de Outeiro Grande, finaliza o prazo para presentar recurso de alzada o vindeiro 14 de xullo, por iso se está a traballar para a súa presentación; ao igual que co proxecto de Castro Valente.

Continúa dicindo que, está de acordo con esta moción nalgún aspecto, porque non é así con respecto á petición da suspensión das medidas cautelares, porque temos que ir da má do equipo técnico e xurídico contratado e actuar segundo nos aconselle o mesmo, polo que se debería deixar constancia que os acordos que se adopten hoxe sexan a presentación do recurso contencioso-administrativo contra o proxecto Campo das Rosas, o de alzada contra o de Touriñán III-2, que se elabore informe técnico-xurídico para actuar sobre o parque de Outeiro Grande e que se valoren as accións para expoñer os nosos fundamentos en relación ao proxecto de Castro Valente; é dicir, que se tomen decisións e se soliciten esa suspensión cautelar en base



ao establecido nos informes técnicos – xurídicos, porque carece de senso que esta corporación se anticipe na toma de decisións cando temos unha empresa contratada que está estudando en profundidade estas cuestións, polo que deberá ser ela a que marque o procedemento e a estratexia a seguir. Di que de toda a información que este equipo traslade se lle trasladará, á súa vez, aos grupos da oposición.

Finalmente, informa que de seguir a adopción dos acordos coa liña manifestada, o seu grupo votará a favor, é dicir que as decisións que se tomen sexan en base aos informes técnicos-xurídicos emitidos.

Pide a palabra a **Sra. Blanco Casais** para mostrar a súa conformidade co plantexado polo Sr. Alcalde.

O **Sr. Alcalde** somete a votación os acordos propostos na moción coas incorporacións das puntualizacións manifestadas na súa intervención, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción de urxencia presentada con data 30/06/2023 (registro de entrada 2023-E-RCIO-1) polo grupo municipal Mixto (MOVETE), que se transcribe literalmente de seguido:

#### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*I.- Con data 7 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia publicase no DOGA Núm. 107 a RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expedienteIN408A 2017/005).*

*II.- Con data 1 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia publicase no DOGA Núm. 103 a RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2,*





*emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4).*

*III.- Ambos Parques Eólicos afectan de maneira intensa e negativa á zona onde habitan as bestas que son o elemento fundamental da tradición e festa de interese turístico internacional coñecida como A Rapa das Bestas de Sabucedo, unha das sinais de identidade mais importantes da Estrada e de Galicia. Como xa se expuxo en moitos Plenos, a importancia desta poboación de cabalos radica no valor cultural e turístico do seu sistema de manexo tradicional, por medio de Rapa das Bestas, pero tamén no seu valor e papel ecolóxico, modelando hábitats de interese comunitario como os brezais. Así mesmo debe ser considerada a súa importancia para reducir a biomasa forestal e polo tanto o risco de incendios.*

*Deste xeito, tanto durante a fase de construción como de funcionamento os parques eólicos ocuparán unha importante porción do área de campeo de varias manadas. Isto supón privalos de parte dos seus recursos: hábitats onde alimentarse, mananciais onde beber, altos onde protexerse de insectos.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de funcionamento son:*

*As instalacións alteran a dinámica dos mananciais que utilizan os cabalos, podendo provocar cambios nas áreas de campeo.*

*A localización dos eólicos ocupará zonas altas, recurso imprescindible para airearse e protexerse de insectos no verán, o que pode provocar desprazamentos das greas e inestabilidade das mesmas.*

*A ocupación permanente de zonas de alimentación pode provocar así mesmo desprazamentos das greas e inestabilidade das mesmas.*

*As pistas ocuparan unha gran parte do territorio, influindo drasticamente no mesmo. Tamén aumentarán a accesibilidade de vehículos á zona, o que xerará molestias aos cabalos e ata se poden dar atropelos.*

*O ruído dos aeroxeradores limita substancialmente a comunicación a través de rinchos que as bestas usan para alertar de perigos ou chamar ás súas crías, e no caso de ataque de lobo tamén dificultan o feito de oír como se achega o mesmo.*

*As principais afeccións que se consideran na fase de construción son:*

*Ocupación dunha considerable proporción das áreas de campeo de varias manadas de cabalos: alteración de zonas de alimentación, de mananciais, ocupación de zonas onde protexerse de insectos. Isto ocasionará inestabilidade nas manadas e desprazamentos das áreas de campeo cara ás zonas máis baixas do monte, podendo aumentar a conflictividade social.*

*Para realizar as obras necesitanse abrir grandes viais, facer importantes desmontes, para o que se terá que usar en ocasións explosivos debido á natureza da orografía*



da zona, o que agravará aínda mais o impacto sobre as bestas.

Polo tanto entendemos que é obriga do Concello protexer este hábitat, tradición e festa de interese turístico internacional polo que debe proceder a presentar Recurso Contencioso- Administrativo, no caso de Campo das Rosas, e Recurso de Alzada, no caso de Touriñán III-2, para que non se leve a cabo a construción de ambos parques.

IV.- En relación á URXENCIA DA PRESENTE MOCIÓN indicar que nas propias publicacións do DOGA que mais arriba se sinalan establécense, un prazo de tan só 2 meses para presentar Recurso Contencioso Administrativo no caso de Campo das Rosas, e un prazo aínda menor de 1 mes para o Recurso de Alzada no caso de Touriñán III-2, polo que é de extrema urxencia debater e aprobar a presente moción. Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1.- Interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a a RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005) publicada no DOG en data 7 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, realizando solicitude de Medidas Cautelares para a suspensión dos efectos da dita Resolución namentres non finalice o proceso xudicial.

2.- Interpoñer Recurso de Alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia contra a RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4), publicada no DOG en data de 1 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, realizando solicitude de suspensión dos efectos da dita Resolución namentres non se resolva o citado recurso.”

E, á vista do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:



**Primeiro.-** Interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 13 de abril de 2023, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Campo das Rosas, sito nos concellos da Estrada, Campo Lameiro e Cerdedo-Cotobade, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente IN408A 2017/005) publicada no DOG en data 7 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia; e adoptar as medidas que consideren os informes técnicos/xurídicos correspondentes.

**Segundo.-** Interpoñer Recurso de Alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia contra a RESOLUCIÓN do 22 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción ao proxecto do parque eólico Touriñán III-2, emprazado nos concellos da Estrada, Cuntis e Campo Lameiro (Pontevedra) e promovido por Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U. (expediente IN661A 2011/13-4), publicada no DOG en data de 1 de xuño de 2023 pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia; e adoptar as medidas que consideren os informes técnicos/xurídicos correspondentes.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos municipais quere presenta algunha moción de urxencia; non habendo, continúaase co establecido na orde do día desta sesión.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETO DA ALCALDÍA DITADOS DO 17 AO 28 DE ABRIL DE 2023

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os





días 17 e 28 de abril de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0513 ao número 2023-0603 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 2 AO 31 DE MAIO DE 2023**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 31 de maio de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0604 ao número 2023-0761 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### **DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 1 AO 30 DE XUÑO DE 2023**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 30 de xuño de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-0762 ao número 2023-0925 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

Inicia esta quenda o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, lembrando que o seu grupo denunciou publicamente a negligencia nos traballos de desbroce das nosas parroquias e dos parques e xardíns, previas queixas dos veciños e veciñas, polo que prega que sexan destinados máis recursos para o servizo de desbroce, necesidade derivada do risco que supón para a seguridade viaria.

Pregunta sobre o estado da tramitación da solicitude dunha botica anexa para a contorna do Centro de Saúde de Oca, sobre todo se dita solicitude está cursada ou non ao organismo correspondente.

O **Sr. Alcalde** responde, en relación ao tema do desbroces, que existe un calendario anual para a execución destes traballos, sen embargo este ano a



vexetación medrou considerablemente por cuestións meteorolóxicas, así como tamén é consciente da necesidade de ter presente a seguridade viaria, de feito é a primeira vez que o Ministerio de Fomento non desbroza as estradas N-640 e N-525 antes das Festas de San Paio co risco que supón para os peóns, algo que está a xerar certo prexuízo xa que son traballos que non están incluídos no calendario municipal; en canto aos viais do resto das parroquias, os seus desbroces se están a executar de acordo co dito calendario e, para elo, estanse a dotar medios externos para apoiar aos nosos equipos municipais.

En canto á botica anexa, informa que non existe resolución expresa ao respecto por parte da Consellería, tan só efectuou unha solicitude de maior detalle da zona de afección e os tempos de desprazamento con respecto ao resto das farmacias sitas no casco urbano; ademais, existe o agravante de que as persoas que solicitaron o traslado da farmacia sita en Oca ao casco urbano alegaron a inexistencia de desabastecemento nesa zona, algo que dificulta a actual solicitude da botica anexa. Informa tamén que xa tivo dúas reunións coa Consellería de Sanidade onde se lle comunicou que o traslado desa farmacia está sendo un impedimento á hora de xustificar a concesión de dita botica. Ante o dito, a día de hoxe a situación é que os técnicos da Consellería entenden que se a persoa responsable da farmacia existente en Oca xustificou xudicialmente a inexistencia de risco de abastecemento para a contorna do Centro de Saúde de Oca e que deu lugar a unha resolución favorable para o seu traslado ao casco urbano, entón non ven xustificada a necesidade de conceder a botica anexa, problema moi importante que obstaculiza a tramitación administrativa. Informa que se está pendente, polo tanto, dese informe técnico que analice os tempos de desprazamento dende as parroquias que dependen do Centro de Saúde de Oca ao casco urbano e, ademais, da posibilidade de utilización do transporte público. Ante o dito, desminte o dito polo grupo socialista en campaña electoral sobre que ese informe estaba feito despois da presentación da súa moción, así como que xa había resolución da Consellería de Sanidade, algo que sorprendeu moito á este organismo autónomo e, de feito, chamou a este Concello preguntando de onde saíra dita información.

Finalmente, informa que se está a traballar na xustificación da necesidade da botina anexa nesta zona, alegando falta de transporte público que facilite o acceso a produtos farmacéuticos ás persoas que viven na mesma, esperando que o informe técnico estea emitido nas próximas semanas e poida ser remitido á Consellería e así desbloquear este asunto.

O **Sr. López Bueno** di que, segundo información que ten, o calendario de



desbroces non se está a cumprir en determinadas parroquias.

En canto á limpeza das estradas nacionais, o seu grupo está preocupado nese asunto e están a informarse sobre o por que desta situación.

No que respecta á botica anexa, vai a revisar as declaracións que se fixeron na campaña electoral pasada, porque pensa que nunca dixo que a Consellería xa ditara resolución ao respecto, pero si dixo que o Concello da Estrada, para presentar a solicitude, tiña que elaborar un informe e que este estaba redactado.

En canto á sentenza xudicial que permitiu o traslado da farmacia de Oca ao casco urbano, considera que a Consellería ten a autonomía suficiente para avalar que os requisitos esixidos na normativa aplicable se dan nesa zona deste concello e que permiten a instalación da botica anexa, requisitos que está seguro que se dan pola inexistencia de transporte público, tan só pasa o Monbús cunha paradas determinadas e a máis dun quilómetro da zonas de vivenda desa zona.

Di que a pregunta a fixo porque non tiña constancia de se o Concello fixera á Consellería esta solicitude e de como estaba a tramitación ante o órgano autonómico, esperando que a Consellería admita a necesidade da instalación da botica anexa nesta zona.

Pregunta se vamos a funcionar durante todo este ano 2023 co orzamento prorrogado do exercicio anterior

Responde o **Sr. Alcalde** a esta última pregunta informando que esta semana mantívose unha reunión coa Sra. Interventora e coa Técnica de Intervención para valorar se seguir traballando co Orzamento prorrogado, presentar o Orzamento 2023 ou ben traballar na elaboración no do exercicio 2024, esperando que nas vindeiras semanas se tome a decisión.

En relación coa botica anexa, di que as declaracións feitas na prensa polo grupo municipal socialista sobre que faltaba que o Concello tramitara a solicitude é falsa, porque dende o primeiro momento que se adoptou o acordo plenario esta se fixo e foi a que iniciou o expediente de tramitación da Consellería de Sanidade. Tampouco considera de recibo trasladar a responsabilidade da súa concesión á Consellería, porque reitera que existe unha sentenza xudicial que aceptou o traslado da farmacia de Oca ao casco urbano, e, agora, a Consellería está intentando xustificar a necesidade da botica pedíndonos información adicional, reiterando que estamos ante unha cuestión nada sinxela e que se está intentando solucionar.

O **Sr. López Bueno** non quere entrar no fondo da lei, pero esta sinala que para solicitar unha botica anexa hai que presentar a solicitude e un informe, por iso



agora se pide unha aclaración e a emisión dese documento, porque no seu momento só foi presentada a solicitude. En canto á sentenza xudicial que permitiu o traslado da farmacia, di que, efectivamente, existe unha resolución xudicial, pero agora estamos ante un novo expediente que ten que tramitar e valorar a Xunta de Galicia, e non teñen que escudarse ante dita resolución, porque a ordenación farmacéutica galega regula por separado as farmacias e as boticas anexas, así que, aínda que a resolución xudicial recoñeza que non hai desabastecemento real, o que se esixe para a colocación dunha botica anexa é a afección á atención farmacéutica. Ante o dito, considera que se debe ter en conta esta distinta regulación que acaba de mencionar para completar ese informe requirido pola Consellería, ofrecéndose para levar a bo porto este asunto.

O **Sr. Alcalde** considera que o Sr. López Bueno se perde en canto á tramitación administrativa, porque estamos ante un asunto que non depende da capacidade resolutoria do Alcalde ou do Concello, senón que se trata dun trámite de competencia da Xunta de Galicia e o único que se está a facer é resolver unha solicitude da Consellería, supoñendo que os técnicos dese organismo teñen suficiente competencia á hora de resolver esta cuestión, e volver a informar que xa mantivo dúas reunións con eles e xa explicou anteriormente o resultado desa reunión e o procedemento a levar a cabo, algo que lle está trasladando aquí con toda a información da que dispón e con total transparencia, volvendo a explicar todo o dito nas súas anteriores intervencións en relación co asunto da botica anexa. Así mesmo, reitera que agora mesmo se está a traballar para reunir a documentación requirida pola Consellería de Sanidade para intentar xustificar a necesidade da dita botica, esperando que a tramitación sexa favorable para toda a veciñanza da zona afectada.

O **Sr. López Bueno** indica que recibiu queixas e demandadas da veciñanza desa zona sobre a necesidade dunha botica anexa e por iso presentaron a moción que deu lugar ao expediente de tramitación da solicitude, e para iso consultaron antes a normativa, outra cousa é que saia adiante ou non, pero reitera que non lle prometeu a ningún veciño que ía el a abrir a farmacia coas chaves, senón que había un expediente grazas á previa moción do grupo socialista e que é unha cuestión política porque o grupo do Partido Popular non ía a facer nada. Finalmente, dirixíndose ao Alcalde, lle pide que se preocupe de xestionar este expediente no que lle corresponda e que chegue a bo porto na Consellería se é posible.



(COMEZA UNHA DISCUSIÓN ENTRE O SR. ALCALDE E O VOCEIRO DO GRUPO SOCIALISTA QUE NON SE TRANSCRIBE QUEDANDO REFLEXADA NOS AUDIOS DESTA SESIÓN)

O **Sr. Alcalde** lle dí ao voceiro socialista que foi o intermediario na presentación desa moción, xa que como dixo era unha das persoas que tiña preferencia supostamente para a execución desa botica, así que se describiu a si mesmo. Considera que este asunto debería queda aquí, porque o que nos trae aquí son intereses xerais e non particulares, polo que aconsella intentar resolver este tema por vía administrativa, e a Xunta de Galicia resolva o que considere, intentando sempre buscar o interese dos veciños e veciñas e non o interese particulares, porque parece que o grupo socialista entra nun xogo manexando a información facilitada por unha persoa que está vinculada, supostamente beneficiada ou que se quere beneficiar da consecución desta botica anexa, polo tanto deberíamos obviar esta parte e intentar desbloquear esta situación en beneficio da nosa veciñanza por medio do diálogo e buscando unha alternativa que sexa viable; agora, que sexa a propia persoa que limita a prestación deste servizo farmacéutico aos veciños desa zona sexa a instigadora e a motivadora deste procedemento a través dun partido político é moi cuestionable.

O **Sr. López Bueno** interrompe para dicir que non admite tal acusación.

Pide a palabra o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, quen quere facer varias preguntas e rogos; en primeiro lugar, traslada a mala colocación de dúas sinales denominativas en Couso, unha sita na estrada nacional, no límite de Couso con Santa Cristina; así mesmo, no límite de Couso con Barcala está mal a sinal de ubicación; ante isto pregunta se o grupo de goberno é sabedor destas sinais erróneas e se teñen pensado cambialas.

En segundo lugar, en relación aos cruceiros que caeron na parroquia de Guimarei, pregunta que pasou coa pedra destes, onde está. e que se vai a facer con elas, así como se a cruz de madeira que puxeron no lugar do cruceiro da Igrexa é provisional ou definitiva. En canto ao cruceiro de Ouzamarxe, di que saíu unha subvención no BOP de Pontevedra destinada ao seu arranxo, entón quería saber que se vai a facer con este elemento.

Traslada a queixa da veciñanza de Paramá - Santo André de Veá ante que os madeiros están deixando os restos das talas nos camiños, supoñendo un perigo para a circulación e para os incendios.

En canto á recente xubilación do Enxeñeiro técnico municipal, pregunta se o posto





vacante está cuberto ou, en caso negativo, cando se pensa cubrir.

No referente ás brigadas contra incendios, pregunta en que fase do procedemento está a súa contratación.

Di que as pistas de Ribeira, en Santo André de Veá, foron sometidas a unha limpeza da súas cunetas, sen embargo o seu asfaltado realizouse de xeito insuficiente, unha quedou pola metade e outras, incluso, quedaron sen asfaltar, polo que pregunta que vai a pasar con esta deficiencia.

Prega que se proceda á limpeza da contorna da ponte do río Pinguela, en Guimarei, onde a maleza e as ramas das árbores dificultan a boa visibilidade.

Pide que sexa renovada a páxina web municipal, xa que é necesaria a súa actualización e mellorar a súa transparencia.

Finalmente, solicita que se lle facilite un desglose do custo total das festas patronais de San Paio, nomeadamente o tema da procesión e que parece interesante xa que estamos nun estado “aconvencional”, considerando importante saber os recursos públicos que se destina a unha procesión relixiosa en concreto.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dar contestación á anterior intervención, así, en relación á última petición, contesta que, en canto aos recursos económicos destinados á procesión, deberá preguntarllo ao párroco, porque o Concello non organiza nin financia ningún tipo de procesións, tan só o grupo de goberno acude institucionalmente a un acto que se leva desenvolvendo máis de corenta anos, descoñecendo os recursos que a igrexa destina a ese fin.

En canto á ponte da Pinguela de Guimarei, lle informa que ese vial é de titularidade da Deputación que, ata de agora, estaba gobernada polo BNG e PSdeG-PSOE, polo que lle podería haber trasladado a eles, pero agora, se lle comunicará esta demanda a este organismo polo grupo de goberno.

No que se refire aos asfaltados, os proxectos de asfaltados que se están a facer aínda están sen rematar, de feito se está a valorar as demandas dos veciños e veciñas para saber que modificacións hai que introducir ou ben crear un novo proxecto para rematar todas aquelas actuacións iniciadas anteriormente.

En relación á paxina web municipal, é un tema que se pretende actualizar nos vindeiros meses, de feito está nomeado un Concelleiro de Novas Técnoloxías (Manuel Magariños) quen está mantendo reunións co persoal informático da casa para este fin; ademais, cóntase cunha subvención a executar nestes vindeiros meses, onde se vai a poñer en marcha a video-acta, o portal de transparencia, a actualización da páxina web, etc, é dicir, estamos a falar dunha subvención de 140.000 euros, dos cales 70.000 € van destinados a investimentos e os outros 70.000 € para a mellora dos procesos de participación pública.



Sobre as brigadas de incendios, informa que estamos dentro do prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos de condutores, peóns e xefes de brigada (prazo aberto o luns desta semana, e por un período de 5 días hábiles), finalizado o cal se procederá á realización dos ditos procesos, polo que entende que a mediados ou finais de xullo estarán operativas. Lembra que estas contratacións están subvencionadas por Medio Rural e, polo tanto, mentres o convenio non estea asinado o Concello non pode habilitar o crédito necesario para proceder á contratación do persoal deste servizo.

En canto á praza de Enxeñeiro Técnico, está iniciado o procedemento de contratación, de feito hoxe mesmo empezou a traballar o Administrativo da Oficinal do Rural contratando por acumulación de tarefas e debido á baixa e desfrute de vacacións da funcionaria titular.

No que respecta ás queixas polos madeireiros que están a traballar en Santo André de Veá, informa que a Policía Local foi enviada a esta zona co fin de investigar que empresas estaban facendo estes traballos co fin de trasladarlles a obriga de cumprir o disposto da Ordenanza municipal aplicable a este tema de mantemento e limpeza despois da tala de árbores. Recoñece que é necesario que dende o Concello se efectúe unha mellor xestión para facer cumprir o regulado na nomeada Ordenanza, implicando que a policía local estea máis ao tanto destas actuacións, así que espera que cando a oficina municipal do Rural estea traballando ao completo todo isto se resolva.

No que se refire aos cruceiros de Guimarei, se está a traballar co departamento municipal de Urbanismo, en colaboración coa igrexa (xa que non está titularizada a propiedade deses bens patrimoniais) para a elaboración de proxectos técnicos sobre os cruceiros que están en estado de abandono e co fin de requirir a Patrimonio a emisión do informe correspondente para poder valorar o impacto económico que tería cada actuación e a posibilidade de actuar dende o Concello para o arranxo destes elementos ou as súas reposicións.

Sobre a errónea sinalización de viais, lembra que se adxudicou o proxecto de sinalización e que supón a colocación de máis de dúas mil sinais en todas as parroquias estradenses e estanse a detectar varios erros nas mesmas o que se procederá a corrixir ao longo da execución do nomeada proxecto.

O **Sr. Reyes Villar** di que, con respecto ás procesións relixiosas, entende que non foron obxecto de ningunha subvención municipal.

O **Sr. Alcalde** reitera que o Concello non subvenciona ningún tipo de procesión nin acto relixioso.



Continúa o **Sr. Xoán Reyes** preguntando se é posible obter un desglose dos gastos e ingresos derivados da celebración das festas patronais.

Responde o **Sr. Alcalde** que o concelleiro responsable dou unha roda de prensa facilitando estes datos económicos, non obstante se lle trasladará a dito concelleiro para que lle facilite dita información.

Con respecto ás brigadas de Incendios, o **Sr. Reyes Villar**, pensa que, a pesares dos prazos, o Concello tería que meter presión, porque é un servizo moi necesario e esencial, sobre todo cando estamos a mediados de xullo e o risco de incendios é moi grande.

O **Sr. Alcalde** coincide co voceiro do BNG, porque estamos ante un problema recorrente en toda Galicia por mor de tratarse uns proxectos moi complexos subvencionados pola Comunidade Europea e que establece uns prazos moi ríxidos; sen embargo na Estrada temos a sorte de contar cun grupo de Protección Civil e Emerxencias propio que nos ofrecen certa seguridade, o que non quita que estas brigadas son moi importantes e que complementan este servizo, por iso, sempre dende o grupo de goberno se intenta apurar á Consellería para que resolvan estes expedientes o antes posible, pero a Consellería entende que o período de risco de incendios se atrasou aos meses de agosto a setembro.

O **Sr. Reyes Villar** di que, a pesares que é certo que o período de risco de incendios se atrasou, entende que os problemas reais empezan cando remata a etapa de risco de incendios, polo que os traballos de prevención deberían ser todo o ano.

O **Sr. Alcalde** manifesta a súa conformidade co dito polo voceiro do BNG, pero lamentablemente estamos ante brigadas de extinción incendios sendo necesario tamén destinar medios para a prevención.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para manifestar a necesidade que axilizar os traballos de desbroce polas administracións responsables en cada caso, pregando que se traballe para o cumprimento da Ordenanza municipal e que se obrigue ás persoas titulares das parcelas privadas para que as manteñan limpas.

Pregunta a quen lle correspondente o desbroce da zona de Mercadona, así como a



recollida do lixo das papeleiras, porque estamos ante unha contorna moi transitada e a nosa veciñanza se queixa do seu abandono.

Pregunta polo plan de mantemento das rutas de sendeirismo, xa que están nun estado de abandono.

Traslado un rogo dos veciños e veciñas do lugar de Chenlos, parroquia de Loimil, para que se lles repoña a luz pública, xa que levan máis dun mes sen ela, en concreto unha farola.

O **Sr. Alcalde** informa que houbo moitas incidencias no alumado público con motivo da tormenta, entre elas esta zona de Loimil, a cales estanse a reparar, aínda así descoñecía que estivera pendente de repoñer un dos puntos de alumado, así que se lle comunicará á empresa responsable.

No que se refire ao mantemento das rutas de sendeirismo, comunica que están previstos os desbroces das mesmas, en concretos os tramos máis prexudicados, para elo estase esperando que as brigadas finalicen os traballos no rural para acometer estas actuacións.

Sobre a zona de Mercadona, existe unha parte de parcelas edificables de titularidade privada, neste caso se lles requirirá para que procedan ás súas limpezas; e despois hai uns espazos públicos e, neste caso, o Concello procederá ao seu desbroce proximamente.

No relativo ao servizo de desbroce, estamos ante un tema recorrente, porque estamos ante uns trámites administrativo complexos á hora de requirir a limpeza aos propietarios ou ben proceder á execución subsidiaria, sen esquecer os escasos medios materiais, económicos e humanos dos que dispón esta administración local para levalos a cabo, sen embargo se está a traballar neste tema conxuntamente coas administracións autonómica e provincial para buscar unha fórmula que permita axilizar estes procedementos.

Non habendo máis intervencións polos membros desta corporación, o **Sr. Alcalde** pregunta ao público asistencias se queren formular algunha pregunta ou rogo, en cumprimento do establecido no Regulamento de Participación Cidadá, previa presentación do Documento Nacional de Identidade.

Pide intervir **Dna. Balbina Martínez Ramallal** (DNI: [REDACTED]) para preguntar se na estación hai un pararraios, porque observa que hai un cable cortado.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que descoñece esa información.



Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** para queixarse de que cando se estragan os semáforos se tarda moito en arranxalos.

O **Sr. Alcalde** lle informe que é responsabilidade dunha empresa especializada, o Concello lle informa das averías e ela se encarga de facer as correspondentes reparacións.

Pregunta a **Sra. Balbina Martínez** cando se vai a solucionar o problema do aparcamento de camións na Avenida da Torre, porque se presentou o martes un escrito polos veciños da zona e, a día de hoxe, todo sigue igual.

Responde o **Sr. Alcalde** que aínda se presentou o martes e estamos a xoves, sen embargo lle informa que, en coordinación coa Policía Local, se están a buscar alternativas para buscar unha solución a ese tema.

A **Sra. Balbina Martínez** pregunta se se están multando aos camioneiros por estar cometendo infraccións.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que iso o di ela porque el o descoñece.

A **Sra. Balbina Martínez** di que o pregunta porque aos demais vehículos e furgonetas si as multan, así que tamén deberían multar aos camións, noutro caso, mentres que non solucionen o problema destes que non multen aos demais vehículos.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que non é policía e, polo tanto, descoñece as causas destas multas, xa que os oficiais fan o seu traballo non dubidando da súa profesionalidade.

A **Sra. Martínez Ramallal** manifesta que dubida bastante desta profesionalidade. Pregunta, así mesmo, se cando se chaman aos policía locais por calquera problema estes teñen a obriga de acudir, se están para arranxar os problemas ou ben para intimidar á xente.

O **Sr. Alcalde** lle lembra que pode formular unha pregunta ou un rogo en concreto e non converter o capítulo de participación cidadá nun debate sen fin, todo isto regulado nun Regulamento municipal, así que lle pide que formule todas as preguntas e el despois lle contestará.



Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** preguntando por que veñen hoxe os policía locais.

Contesta ás anteriores pregunta o **Sr. Alcalde** dicindo que a Policía Local ten a obriga de acudir a unha chamada no caso de que se trate dunha emerxencia, previa valoración do nivel de risco de todas as chamadas recibidas dando prioridade ás máis urxentes, pero sempre van ás chamadas, con maior ou menor celeridade segundo se están noutra intervencións e da urxencia, porque non podemos esquecer que estamos ante un servizo público coa obriga de resolver, dentro do posible, dos problemas da nosa cidadanía.

En canto á pregunta sobre a asistencia da Policía Local a esta sesión, lle lembra que ela tivo un altercado coa Policía Local nas súas dependencias, polo que consideraron, dentro das súas funcións, que deberían estar presentes nesta sesión, a pesares de que el lles dixo que non facía falta que estiveran e que podían retirarse.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

